

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES 2026-2027

PRESIDENCIA DA XUNTA DE
GALICIA





Contido:

INTRODUCCIÓN	2
OBXECTIVOS E ESTRUCTURA DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	2
Descrición dos obxectivos da Presidencia	2
Estrutura da Presidencia para alcanzar os obxectivos	2
SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	2
RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS	3
Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030	3
Planificación estratéxica por centro directivo	4
DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS	4
SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	4
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS SUBVENCÍONS	5
Avaliación da execución orzamentaria	5
Avaliación dos obxectivos e logros alcanzados	5
Correccións e melloras	5
FICHAS DETALLADAS DE SUBVENCÍONS	6



INTRODUCCIÓN

O Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2027 da **Presidencia da Xunta de Galicia**, integrado no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, constitúe unha ferramenta fundamental para impulsar o desenvolvemento da nosa comunidade autónoma. Este documento artículase en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que dispón que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións deberán, con carácter previo, concretar nun plan estratéxico os obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar, o prazo necesario para conseguilos, os custos previsibles, as fontes de financiamento e a súa adecuación aos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Este plan de subvencións estrutúrase como un instrumento que contribuirá a alcanzar os obxectivos definidos no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030. A súa formulación baséase nos principios de transparencia, eficiencia e equidade, co propósito de maximizar o impacto positivo das axudas públicas sobre o tecido económico e social galego.

Ademais de abordar os retos identificados para Galicia no horizonte 2030 este plan tamén establece mecanismos claros para asegurar que as subvencións contribúan ao cumprimento dos compromisos de estabilidade orzamentaria. Deste xeito, búscase garantir un uso responsable dos recursos públicos en beneficio da cidadanía.

En definitiva, o Plan Estratéxico de Subvencións constitúe unha peza central das políticas públicas galegas, orientada a acadar un crecemento equilibrado, inclusivo e sostible, situando as persoas e o territorio no centro das actuacións e reforzando o compromiso co futuro de Galicia.

Polo que se refire á Presidencia da Xunta de Galicia, **este Plan Estratéxico inclúe, exclusivamente, a actividade subvencionadora dos seus órganos superiores e de dirección.**

OBXECTIVOS E ESTRUCTURA DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

Descrición dos obxectivos da Presidencia

A Presidencia da Xunta de Galicia, a través dos órganos superiores e de dirección, e polo que se refire á materia de subvencións, exerce funcións e competencias relacionadas coa defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, a normalización do uso da súa lingua e a mellora das infraestruturas nos ámbitos da comunicación e telecomunicacións.

Estructura da Presidencia para alcanzar os obxectivos

O exercicio destas funcións e competencias en materia de subvencións desenvólvese a través dos seguintes centros xestores determinados polo Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia:

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS

As principais funcións asignadas á Secretaría Xeral de Medios son:





- ✓ A divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia e da Presidencia, tanto nos soportes convencionais como a través dos novos soportes nas diferentes redes sociais.
- ✓ A xestión das competencias da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social e comunicación audiovisual.
- ✓ A coordinación da política de imaxe e dos contidos da publicidade institucional da Xunta de Galicia.
- ✓ A coordinación da transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada na política de imaxe e dos contidos da publicidade institucional da Xunta de Galicia.
- ✓ A proposición e o desenvolvemento da normativa referente á comunicación social e a publicidade.
- ✓ A elaboración, coordinación e seguimento relativo ao manual e normas sobre a identidade corporativa da Xunta de Galicia.
- ✓ O estudo, preparación e tramitación de cantas actuacións correspondan á Xunta de Galicia para o desenvolvemento e efectividade das previsións do artigo 34 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en relación coa radio, televisión e medios de comunicación social.
- ✓ A realización de estudos e a súa coordinación sobre materias relativas a todos os sectores da información e medios de comunicación en xeral.
- ✓ As competencias de supervisión, control e protección activa para garantir o cumprimento do previsto na lexislación básica en materia de comunicación audiovisual e, se é o caso, a potestade sancionadora en relación cos servizos de comunicación audiovisual cuxo ámbito de cobertura, calquera que sexa o medio de transmisión empregado, non supere os límites territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ A dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación..
- ✓ A implantación de redes propias de comunicación audiovisual, radiofónica e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido na Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual.
- ✓ A dirección e coordinación das actuacións en materia de comunicación audiovisual e multimedia, e todos os aspectos que deriven da aplicación destas tecnoloxías no ámbito da comunicación.

RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCÍONS

Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030

A planificación estratéxica de subvencións para o período 2026-2028, de acordo co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, distribúese nos seguintes Eixos Estratéxicos:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
E5 - Eixe 5. Gobernanza	6	2.194.037	2.194.037
Total	6	2.194.037	2.194.037

E nas seguintes Prioridades de Actuación:





PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
E5 - Eixe 5. Gobernanza	Nº	Importe	Importe
PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	6	2.194.037	2.194.037
Total	6	2.194.037	2.194.037

Planificación estratéxica por centro directivo

A planificación estratéxica de subvencións para o período 2026-2028, por centro xestor, está formada por 6 liñas de axuda (2 convocatorias anuais máis 1 convenio anual coas tres universidades do SUG), cun importe anual estimado de 2,1 millóns de euros, distribuídos do seguinte xeito:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
1.04.03 – SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	6	2.194.037	2.194.037
Total	6	2.194.037	2.194.037

DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCIONS

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS

A Secretaría Xeral de Medios é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisuais. Neste marco de competencias, desenvolve actuacións dirixidas á potenciación e difusión dos medios de comunicación que defendan a identidade de Galicia e os seus intereses, a súa lingua, a súa cultura e, en xeral, a galegitude entendida como vínculo histórico dos galegos de dentro e fóra de Galicia

Detalle de Subvencións na Planificación

PEG 2022-2030	2026	2027
1.04.03 – SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	Importe	Importe
E5 - Eixe 5. Gobernanza	Importe	Importe
PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	2.194.037	2.194.037
Apoio ás empresas xornalísticas e de radiodifusión para a defensa da identidade de Galicia, a promoción dos seus valores, a normalización da lingua e a defensa da súa cultura.	1.976.777	1.976.777





Expansión e difusión do galego normativizado e da cultura nas tarefas de información xornalística	200.000	200.000
---	---------	---------

Convenios coas 3 universidades galegas para a realización de prácticas nos gabinetes de prensa da Xunta de Galicia	17.260	17.260
--	--------	--------

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS SUBVENCIONES

O seguimento das subvencións realizarase de maneira continua e sistemática para garantir a correcta execución orzamentaria e o cumprimento dos obxectivos establecidos.

Ao finalizar o período de planificación, antes da aprobación de sucesivos plans, realizarase un **Informe de avaliación do Plan estratéxico de subvencións 2026-2027**, que recollerá a avaliación dos obxectivos e logros alcanzados ao longo do período de execución das subvencións, tanto en termos de execución financeira como nos resultados obtidos a través dos indicadores establecidos.

Avaliación da execución orzamentaria

A análise da execución orzamentaria permitirá verificar que os fondos asignados ás subvencións se utilizaron de forma eficiente e de acordo co plan aprobado.

Avaliación dos obxectivos e logros alcanzados

A avaliación dos impactos conseguidos coa execución das subvencións, realizarase co análise dos indicadores de seguimento establecidos, medindo os resultados acadados respecto dos valores previamente definidos.

Correccións e melloras

Se os resultados do seguimento mostran desviacións respecto aos obxectivos financeiros ou operativos, implementaranse medidas correctivas ou de mellora para garantir o cumprimento efectivo dos obxectivos nas anualidades seguintes.

As recomendacións derivadas do informe de avaliación serán clave para mellorar a planificación e xestión das futuras convocatorias.

A continuación, inclúese un anexo que recolle información detallada daquelas subvencións/axudas que teñen carácter recorrente. **Dito anexo non ten, en ningún caso, carácter limitativo nin pechado, e poderá ser obxecto de actualización ao longo da vixencia do plan estratéxico aprobado, tanto para incluír novas liñas de subvención que se poñan en marcha, como para eliminar aquelas liñas que deixen de estar operativas.**





FICHAS DETALLADAS DE SUBVENCIONES

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS			
A Secretaría Xeral de Medios é o órgano superior encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual. No marco desa competencia xeral exercerá, entre outras, as funcións de divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia e da Presidencia; a xestión das competencias da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social, comunicación audiovisual e as referidas á publicidade, recollidas no Estatuto de Autonomía de Galicia; a coordinación da política de imaxe e dos con-tidos da publicidade institucional da Xunta de Galicia e da súa identificación corporativa; a dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de comunicación audiovisual, radiofónica e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da Comunidade Autónoma e o desenvolvemento da normativa referente á comunicación social e á publicidade			
PROGRAMA DE GASTO			
Programa	461A – COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL		
A finalidade deste programa é potenciar o coñecemento de Galicia e das súas institucións, así como a promoción dos seus valores e da súa lingua nos medios de comunicación social, apoiando proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios e a divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia			
PEG 2022-2030			
Eixe	E5 - Eixe 5. Gobernanza		
Prioridade de Actuación	PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade		
Obxectivo Estratéxico	E03 - Organizacións públicas íntegras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión		
Obxectivo Operativo	OO02 – Accións de dinamización e consolidación do sector da comunicación		
SUBVENCIÓN			
Denominación:	Axudas económicas dirixidas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego.		
Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia		
Tipo de convocatoria	Concurrenza competitiva		
Beneficiarios	Empresas e persoas físicas		
Codigo de proxecto	2015 00057		
Importe	Total	2026	2027
	Importe	200.000	200.000
Resultados previstos	Indicadores de seguimento	2026	2027
	P00044 - Axudas concedidas aos medios de comunicación social	27	27
	P01054 - Accións de dinamización	12	12

SUBVENCIÓN			
Denominación:	Axudas económicas destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión		
Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia		
Tipo de convocatoria	Concurrenza competitiva		
Beneficiarios	Empresas		
Código proxecto	2015 00057		
Importe	Total	2026	2027
	Importe	1.976.777	1.976.777
Resultados previstos	Indicadores de seguimento	2026	2027
	P00044 - Axudas concedidas aos medios de comunicación social	32	32
	P01054 - Accións de dinamización	12	12





Obxectivo Operativo	OO05 – Actuacións de apoio ás políticas educativas		
SUBVENCIÓN			
Denominación:	Convenios coas 3 universidades galegas para a realización de prácticas nos gabinetes de prensa da Xunta de Galicia		
Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia		
Tipo de convocatoria	Concesión directa		
Beneficiarios	Persoas físicas		
Código proxecto	2015 00044		
Importe	Total	2026	2027
	Importe	17.260	17.260
Resultados previstos	Indicadores de seguimento	2026	2027
	P00067 – Convenios e/ou acordos asinados	3	3

